

988


Somos **988**, un estudio de deseño gráfico e arquitectura con sede en Ourense, dende onde traballamos con clientes de todos os lugares e tamaños. Formamos unha equipa multidisciplinar que a través da estratexia converte pensamentos en comunicación e espazos, implementando solucións sostibles, de alta calidade e enfocadas nas necesidades do usuario final.

A honestidade, a creatividade e as identidades culturais propias de cada proxecto reflíctense na nosa forma de traballar. O deseño estratéxico e a cultura de proxecto son as nosas ferramentas, construír entendemento entre diferentes comunidades dentro do contexto global no que vivimos, o noso obxectivo.

Branding

FRANK

Esta identidade corresponde ó redeseño para unha tenda local de moda masculina. O obxectivo era conseguir unha imaxe potente, que tivese como valores de marca fundamentais a representación da calidade e a masculinidade mantendo o legado familiar da empresa.



Branding

VIVIR VILAMARÍN

Vivir Vilamarín é un festival que ten por obxectivo descubrir as múltiples posibilidades do entorno rural. Para elo, celebráronse unha serie de actividades culturais, gastronómicas, pedagóxicas, etc. que tiveron como soporte visual a imaxe corporativa que desenvolveu o noso estudio.



Branding

NOVA FRONTEIRA


Beben da tradición pero non son tradicionais. Nova Fronteira é unha banda de gaitas que aposta por expandir os límites da música tradicional galega mediante a inclusión nas súas composicións de instrumentos afastados desta. Coma reflexo, o redeseño da súa imaxe é unha reinterpretación contemporánea da estética modernista, símbolo dunha das épocas máis innovadoras e esplendorosas da cultura galega.



Branding e Sinalética

988

988 é un colectivo de deseñadores e arquitectos de Ourense. Para salientar as raíces do noso traballo, o grupo decidiu adoptar o prefixo da provincia como nome. Unha tipografía sinxela desenvolvida co fin de resaltar os principais valores do estudio (simplicidade, calidade, honestidade).



Branding

PAZO DA PENA

Rebranding para Pazo da Pena, un hotel rural premium con sede na Ribeira Sacra. Preservando a tipografía orixinal, redebuxamos coidadosamente o imagotipo para crear unha identidade visual atemporal e máis recoñecible, tomando como referencia o seu escudo de armas e establecendo aplicacións consistentes da identidade.



PAZO DA PENA
MANZANEDA



CASA SEÑORIAL

Fundada no século XVI



MACEIRAS

Topónimo Maceiras = Manzaneda



VIÑEDOS

Val do Bibei



PORTAS

Elemento representativo do Pazo



Branding

A MÁZCARA

Como parte dunha nova campaña de captación de clientes, Pazo da Pena crea unha experiencia gastronómica única a través dunha submarca efémera, un tributo ó entroido local e á súa personaxe principal, "A Mázcara".




Branding

Vou X Ou

1^{er} Premio

VOUXOU é a proposta presentada para o concurso da imaxe do novo plan de mobilidade sostible da cidade de Ourense organizado polo seu concello. Combina identidade, cores vibrantes e elementos gráficos identificables coa cultura do tráfico dando como resultado un sistema visual dinámico que dará vida ás súas aplicacións.

Concepto



VOUXOU!



VOUXOU!

VOUXOU!


VOUXOU: En bici
VOUXOU: A pé
VOUXOU: Seguro

Branding

FEED '19

O FEED é o foro bienal de deseño gráfico en Galicia no que participan recoñecidos deseñadores de prestixio nacional e internacional.

A intención desta identidade gráfica é reflectir o concepto de conversa, multiplicidade de ideas e posta en común que caracterizan este tipo de eventos. O identificador, elemento base do sistema visual, é un globo ou *bocadillo* que se reproduce e muta en paralelo a como o fan as opinións, ideas ou perspectivas dos distintos participantes do foro.



Branding e Interiorismo

CONCLÁ

Deseño de imaxe corporativa e interiorismo para *boutique* de moda feminina enfocada nas tallas grandes. Dous conceptos clave guiaron o desenvolvemento do proxecto: a curva coma elemento estético e a delicadeza coma elemento representativo do produto. As formas e tons suaves están presentes en todas as aplicacións da marca, dende o *packaging* ata os acabados ou materiais utilizados no interiorismo.



Diseño editorial



SAL EN LA MEMORIA

Literatura e fotografía van da man neste proxecto editorial. Recordos dunha vida na que instantáneas e relatos se complementan, impregnados dun halo de melancolía e crueza, coma vellas postais dun pasado que parece non desvanecerse. Imaxes e narracións cun mesmo protagonista, o mar.



Diseño gráfico


POSTERS



Deseño editorial

LETHES

Redeseño para o undécimo volume da revista cultural 'Lethes', unha referencia clave pra coñecer o pasado limiano, promovida polo Centro de Cultura Popular da Limia. No seu interior pódense atopar artigos relacionados coa poesía, a literatura, a historia ou a bioloxía entre outras temáticas. Adoitan participar na súa publicación recoñecidas persoaxes da comarca.




Branding, packaging e deseño web

ORETA DESTILERÍA

Nacida no corazón da Ribeira Sacra, a Destilería Oreta é un reflexo dunha paixón motivada polo respecto á Terra, honrando as tradicións galegas e o coñecemento transmitido polos antepasados.



Neste contexto, tomamos elementos tradicionais para mellorar o valor da marca. O característico rosetón prerrománico, moi común na zona, articula o imaxotipo principal da marca. Destilería Oreta ofrece unha ampla gama de produtos para diferentes tipos de clientes e continuamente desenvolvemos ideas para os seus futuros clientes.



Deseño web

EXHIBIT HUB

Páxina web de servizos en formato *landing page* para a consultora irlandesa de Marketing e Eventos Exhibit Hub. Adaptable a calquera dispositivo e cunha estrutura aberta á inclusión de novos servizos de interacción co cliente, créase col obxectivo principal de comezar a posicionar á marca dentro do entorno dixital.



empty exhibition spaces into
tinations and manage the
om beginning to end

with the very best partners and
worldwide in creative design,
ing & architecture, production
ation, graphic printing, mul-
tiple development, interactive tech-
nology, audio visual, shipping
ie companies, booth build, fur-

niture rental and other suppliers on the
execution of bespoke exhibition stands.

Based in Ireland, Exhibit Hub can
provide your business with the very best
customised exhibition advice, project
management and support services in
any aspect of experiential and exhibi-
tion marketing at industry trade fairs.

"We create the experience,
you create the customer."

Pat Madigan | CEO of Exhibit Hub



Working Globally
with our partners



Visualización 3D

DESEÑO DE STANDS

Diseño integral de stands portables e *ad hoc* para feiras e eventos de negocios. Aportamos valor engadido ás presentacións públicas creando solucións adaptables a todos os orzamentos e aliñando a estratexia de marketing da marca coas necesidades do seu público obxectivo.



988

Algúns dos nosos clientes



Universidade de Vigo



galicia
el buen camino



PEMAC



*Praza Maior · 7 · 2º
32005 · Ourense · España
hola@988.gal · +34 988 255 700
www.988.gal*